



**Este vindeiro sábado día 28 terá lugar no Concello de Celanova, a través da súa aula Cemit en colaboración co CPEIG e maila Amtega un obradoiro de robótica e un faladoiro de Rapacinh@s.**

“Rapaciñ@s: a tecnoloxía ben segura” é unha iniciativa impulsada polo [Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia \(CPEIG\)](#)

e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Ten por obxectivo que nais, pais e docentes accedan a información e recursos educativos de interese para que poidan acompañar acadamente a incorporación ás novas tecnoloxías dos seus fillos, fillas ou estudantes.

Asemade, Rapaciñ@s desenvolve actuacións orientadas especificamente a nenas e nenos de todas as idades para que adquiran hábitos seguros para navegar na Rede e poidan desenvolver a súa creatividade tecnolóxica a través de obradoiros e xogos didácticos.

Resumo e xustificación:

Hoxe en día estímase que o 43% dos postos de traballo actuais desaparecerán e que todos os traballadores requirirán de competencias en novas tecnoloxías. É necesario polo tanto que os nosos mozos e mozas estean PREPARADOS!!!!. O proxecto que presentamos pretende fomentar nos máis novos o desenvolvemento de habilidades cognitivas, pensamento crítico,

concentración, aprendizaxe continuo, creatividade, concienciación ecolóxica e coñecementos sobre novas tecnoloxías. A intención desta xornada é que cada mozo que asista poida descubrir o sentimento de facer e crear cousas que temos canto máis novos somos. Quen os participantes o chegar as súa vivendas queren investigar máis sobre os temas nos que os iniciamos. A máis disto, pretendemos que o coñecemento que usou para crealo o comparta coa sociedade, e igual que el valeuse da investigación doutras persoas para levar a cabo a súa idea, outras persoas poidan valerse do seu. As actividades das xornadas de divulgación tecnolóxica serán a iniciación a programación (orientada a robótica) e a electrónica (arduino, makey makey). Iniciaremos os participantes en cada unha destas materias e enxertaremos neles a curiosidade para seguir profundizando nelas.

Tomando coma base as especificacións do método ABP (Aprendizaxe baseada en Proxectos) pretendemos iniciar o participante nas materias realizando un proxecto sinxelo que ten comezo e final, evitando así o sentimento de frustración que pode xurdir nos máis novos a hora de non ver rematado o proposto. As Actividades son: Programación orientada a Robótica, Makey Makey e O Camiño

# ROBOTICA

Obradoiro para  
Cativos



**Data:**  
**Sábado, 28 de Outubro**

**Horario:**

**De 10:00 a 14:00 h**

**Lugar:**

**Aula CeMIT Celanova**

**Inscripcións:**

**Aula CeMIT de Celanova Parque das  
Triguerizas s/n (Antigua oficina do Inem)  
Teléfono: 988 43 16 04 / 604 02 62 77  
email: [cemit.celanova@xunta.gal](mailto:cemit.celanova@xunta.gal)**



**CeMIT**  
**amtega**  
Asociación para a  
Modernización Tecnolóxica



**Gratuito**



As dúas actividades realizaranse simultaneamente:

- 1\_ "Rapaciñ@s: obradoiro de Robótica para cativos"

- Data: Sábado 28 de Outubro
  - Horario: 10:00 a 14:00 horas
  - Lugar: Aula CeMIT de Celanova
  - Destinatarios: Cativos
- 
- 2\_ "Rapaciñ@s: a tecnoloxía ben segura"
  - Data: Sábado 28 de Outubro
  - Horario: 11:00 a 13:00 horas
  - Lugar: Sala de Arcos do Concello de Celanova
  - Destinatarios: Pais, nais, educadores

Si desexas obter máis información, ou reservar a túa praza podes facelo no email [cemit.celanova@xunta.es](mailto:cemit.celanova@xunta.es), no teléfono 988 43 16 04 ou presencialmente na aula CeMIT, Parque das Trigueiras s/n (antigua oficina do Inem), en horario de 10:00 a 13:00 ou de 16:00 a 20:00 horas.

---